

Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (B.O.E. N° 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se describe:

- **Solicitante:** UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN ,S.A.

- **Enderezo Social:** AVDA. DE ARTEIXO, 171, 15007 – A CORUÑA.

- **Denominación:** L.M.T.S. E CC.TT. TRAVESÍA DO PORTO NORTE.

- **Situación:** SANTIAGO DE COMPOSTELA E AMES.

- Características Técnicas:

LIÑA DE MEDIA TENSIÓN SUBTERRÁNEA A 20 KV, CUNHA LONXITUDE DE 2,525 KM, COA ORIXE NA SUBESTACIÓN SANTIAGO II, CONDUTOR RHZ1-2OL 12/20 KV-3X(1X240 AL) E RHZ1-2OL (AS) 12/20 KV-3X(1X240 AL) PARA A SAÍDA DA SUBESTACIÓN, E FINAL NO C.T. N° 10 PROXECTADO, CON APOIO NA LIÑA SNT-803.

CENTROS DE TRANSFORMACIÓN NON PREFABRICADOS, 9 CUNHA POTENCIA DE 400 KVA C/U E UN DE 2X630 KVA, RELACIÓN DE TRANSFORMACIÓN DE 20.000/400-230 V. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Todas aquellas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examina-lo expediente e presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, sita no Edificio Administrativo de Monelos, s/nº, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 14 de setembro de 2007

O DELEGADO PROVINCIAL,

Asdo.: José Luis Barcia Picos.

07/10987-2

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Innovación e Industria

Delegación Provincial

ANUNCIO

Información pública. Expediente 406/2007

Acordo do 12 de setembro de 2007 da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de A Coruña polo que se somete a información pública a petición da autorización administrativa das instalacións eléctricas que se citan (Nº EXPTE: IN407A 406/2007).

Ós efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (B.O.E. N° 285), do Sector Eléctrico, e no Título VII do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (B.O.E. N° 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición da autorización administrativa da instalación eléctrica que se describe:

- **Solicitante:** UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN ,S.A.

- **Enderezo Social:** AVDA. DE ARTEIXO, 171, 15007 – A CORUÑA.

- **Denominación:** L.M.T.S., CC.TT. URB. CASTRO DE ABAIXO.

- **Situación:** SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- Características Técnicas:

LIÑA DE MEDIA TENSIÓN SUBTERRÁNEA A 20 KV, DE 410 M DE LONXITUDE EN CONDUTOR RHZ1 DE 240 MM² AL, COA ORIXE NA L.M.T.S. EXISTENTE DENOMINADA SANTIAGO II – STA MARTA C.T. PRAZA, UNHA VEZ QUE ENTRE E SAÍA EN CADA UN DOS CC.TT. N° 1, 2 E 3 DA URBANIZACIÓN CASTRO DE ABAIXO TIPO SUBTERRÁNEO DE 400 KVA C/U. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Todas aquellas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examina-lo expediente e presenta-las súas alegacións nesta Delegación Provincial, sita no Edificio Administrativo de Monelos, s/nº, 15071-A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 12 de setembro de 2007

O DELEGADO PROVINCIAL,

Asdo.: José Luis Barcia Picos.

07/10986-2

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Augas de Galicia

Servizo Territorial Demarcación Galicia Norte A Coruña

ANUNCIO

Información pública

CLAVE: DH W.15.23546

Concello de Paderne con CIF P-1506500-F, e con enderezo en Consistorio, nº 10. 15314 Paderne.

Solicita AUTORIZACIÓN para rehabilitación, na zona de Dominio Público Hidráulico e policía do río Vello, na parroquia de Souto, no T.M. de Paderne.

As obras solicitadas consisten na rehabilitación do muiño do Cruxo, para realizar un mostrario dos muiños da zona.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servizo, situado na C/ Wenceslao Fernández Florez 1-2º A Coruña, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o deseixe.

A Coruña, 7 de setembro do 2007.

O Xefe de Servicio da Demarcación Galicia Norte

Asdo. Luis García Alonso.

07/10510-2

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

Delegación Provincial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

ANUNCIO

Convenio colectivo do sector de hostalería

Visto o expediente do convenio colectivo do sector de HOSTALERÍA (código convenio 1500745), que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día

01.08.07, complementado o 12.09.07 e subscrito pola parte económica pola Asociación de Hostalería da Coruña, Asociación de Hostalería de Santiago de Compostela, Asociación de Hostelería de Ferrol e HOSPECO e pola parte social por CCOO e UGT o día 30.07.07, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.–Ordena-la súa inscripción no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.–Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.–Dispoña-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 17 de setembro de 2007

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo: María Debén Alfonso

CONVENIO DE HOSTALERÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA

ARTIGO 1.-ÁMBITO FUNCIONAL.

Este convenio colectivo afectará a tódalas as empresas e establecementos encadrados no sector de hostelería, ós que lle sexa de aplicación o acordo laboral de ámbito estatal para o sector da hostelería.

ARTIGO 2.-ÁMBITO PERSOAL.

Este convenio é de aplicación ás relacións laborais das empresas e traballadores que prestan os seus servicios naquelas encadradas no sector da hostelería, conforme ó que dispón o artigo 1.1 do Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 3.-ÁMBITO TERRITORIAL.

O presente convenio é de ámbito provincial e aplicarase, polo tanto, ás empresas e ós seus traballadores a que fan referencia os anteriores artigos, sempre que estean radicadas na provincia da Coruña.

ARTIGO 4.-VIXENCIA, DURACIÓN E PRÓRROGA.

O presente convenio entrará en vigor o día 1 de Xaneiro do 2006, independentemente da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Terá unha duración de cinco anos, ata o día 31 de decembro do ano 2010.

Poderase denunciar por calquera das partes cun mes de antelación, como mínimo, ó datado no seu vencemento. Se non fose denunciado, entenderase prorrogado por períodos dun ano sucesivamente.

No caso de prorroga por un ano, efectuarase un aumento salarial equivalente ó incremento do IPC.

ARTIGO 5.-COMPENSACIÓN E MELLORAS.

As melloras que se implantan neste convenio, así como as voluntarias que se establezcan no sucesivo, serán compensables e absorbibles ata onde acaden os aumentos, melloras ou condicións superiores de calquera natureza que, fixadas por disposición legal, contrato individual ou concesión voluntaria, poidan establecerse no sucesivo.

ARTIGO 6.-RETRIBUCIÓN.

Os salarios garantidos e fixos que corresponden ás diversas categorías profesionais serán, a partir da vixencia de este convenio, os que figuran para calquera clase e categoría nas táboas anexas.

Os traballadores que tivesen xa recoñecido o dereito da manutención e aloxamento, incrementaránse, durante o ano 2006 a 45,73 e 12,99 euros mensuais, respectivamente, os salarios garantidos que figuran nas taboas citadas, sempre e cando non fagan uso de tal derecho. Durante os anos 2007, 2008, 2009 e 2010 as devanditas cantidades aumentarán nas mesmas contías cos salarios.

A tódolos efectos entenderanse como salarios reais os garantidos establecidos nas táboas salariais anexas, incrementados co importe de aloxamento, manutención e antigüidade consolidada, en cada caso.

Estos salarios teránse en conta, a todos os efectos, nas pagas mensuais e inclusive nas extraordinarias.

Os incrementos salariais de este convenio durante a súa vixencia serán os seguintes:

* Para o ano 2006: o 3% sobre todos os conceptos salariais, salvo a antigüidade.

* Para o ano 2007: o IPC real más un punto sobre todos os conceptos salariais, salvo a antigüidade.

* Para o ano 2008: o IPC real más un punto, sobre todos os conceptos salariais, salvo a antigüidade.

* Para o ano 2009: o IPC real más un punto, sobre todos os conceptos salariais, salvo a antigüidade.

* Para o ano 2010: o IPC real más 1,5 puntos sobre todos os conceptos salariais, salvo a antigüidade.

Como quera que o IPC real de cada ano coñécese no mes de xaneiro do vindeiro ano, para a aplicación dos sucesivos incrementos anuais partirese do IPC previsto polo Goberno nos presupuestos xerais do Estado. Os atrasos derivados dos incrementos salariais do convenio poderán aboar en cinco mensualidades, computándose como a primeira, desde o mes seguinte á publicación do convenio no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 7.-CONDICIÓN MAIS BENEFICIOSAS.

Tódalas condicións económicas establecidas neste convenio teñen a condición de mínimas, polo que os actos, cláusulas, condicións e situacións actuais implantadas que impliquen condicións mais beneficiosas ás aquí convidas subsistirán para aqueles productores que as viñesen gozando.

ARTIGO 8.-ANTIGÜIDADE.

A partir do 1 de xaneiro de 1999, este incluido, quedou abolido este concepto, sin que desde entón se houbesen reportado novos dereitos polo mesmo.

Non obstante, os traballadores que tiveran xerado antes de dita data contías en concepto de antigüidade manterán a cantidade consolidada na devandita data. Dita contía reflectírase na nómina como complemento "ad personam" baixo o concepto de "antigüidade consolidada", non sendo compensable ni absorbible.

A cantidade consolidada de esa forma, sofrirá un incremento anual igual o que experimente ó Índice de Prezos ó Consumo, durante a vixencia do presente convenio.

ARTIGO 9.-GRATIFICACIÓNES EXTRAORDINARIAS.

As gratificaciónes extraordinarias serán tres:

Nadal, xullo e setembro que se aboarán a razón de salario garantido, incrementado coa antigüidade consolidada, manutención e aloxamento no seu caso respectivo.

O abono destas pagas realizarase antes do día 15 do mes correspondente a cada paga.

ARTIGO 10.-QUEBRANTO DE MOEDA.

A partires do 1 de Xaneiro de 2007, este concepto queda abolido, sen que dende entón se reporten novos dereitos polo mesmo. Nembargantes, os traballadores que tivesen cerrado antes de dita data, contías por este concepto, manterán a cantidade consolidada na devandita data. A antedita contía reflictirase na nómina como "Quebranto de Moeda Consolidada", non sendo compensable nin absorbible.

A contía consolidada nesta forma, sufrirá un incremento igual ó que experimente o índice de prezos ó consumo, durante a vixencia do presente convenio.

ARTIGO 11.-HORAS EXTRAORDINARIAS.

Cada hora de traballo que se realice sobre a duración máxima da semana ordinaria de traballo aboarase cun incremento que nunca será inferior ó 75% sobre o salario que corresponda a cada hora ordinaria, podendo compensarse en tempo de descanso equivalente, é dicir, cada hora de traballo equivalerá a 1,75 horas de descanso, sendo a opción de cobrala ou descansala, en todo caso, do traballador, así como a acumulación por semanas ou meses.

ARTIGO 12.-SERVICIOS EXTRAORDINARIOS.

O persoal alleo á empresa que realice servicios extraordinarios percibirá as seguintes retribucións

Durante o ano 2006:

PERSOAL DE COCINA:

- * Xefe de Cociña: 83,61 euros por servicio
- * Cociñeiro: 64,81
- * Axudante: 64,81
- * Fragadora: 64,81

PERSOAL DE COMEDOR:

- * Xefe de comedor: 83,61 euros por servicio
- * Camareiro: 64,81
- * Axudante: 64,81

Nos anos 2007, 2008, 2009 e 2010 as contías incrementáñanse na mesma forma cós salarios.

Cando o persoal extra realice a faena de montaxe, percibirá por iso a cantidade de 5,02 euros durante o ano 2006, incrementándose esa cantidade na mesma contia cós salarios.

O servicio corrente de restaurante ou limoada será retribuído con 2,02 euros de soldo inicial e tanto por cento correspondente garantido de 44,38 euros diarios.

Durante os anos 2007, 2008, 2009 e 2010 as contías serán incrementadas na mesma forma cós salarios.

Os servicios de esta índole fóra da localidade producirán un aumento do 50% correspondente, e sendo a cargo da empresa os portes de desplazamento, manutención e aloxamento a que houbere lugar.

ARTIGO 13.-VACACIONES.

Tódolos traballadores terándereito a 30 días de vacacións anuais, podéndose gozar en bloque ou fraccionadas en dous períodos de 15 días cada un.

A decisión de gozalas en un período ou dous, así como a data ou datas de goce, terá que ser de mutuo acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores. No caso de desacordo entre as partes, a xurisdicción competente fixará a data que corresponda para o deleite e a súa decisión será irreccorrible.

Con independencia das vacacións, os traballadores gozarán dos días non laborais legalmente establecidos.

ARTIGO 14.-XORNADA LABORAL.

A duración máxima da xornada de traballo será de 1782 horas anuais de traballo efectivo, distribuídas en 40 horas semanais de promedio. Tódolos traballadores terándereito, como mínimo, a día e medio ininterrompido de descanso semanal. No caso dos traballadores menores de idade, o descanso será de dos días ininterrumpidos. Será xornada, continuada nos departamentos de recepción, conserxería, teléfonos, pisos, lencería, administración e contabilidade, sempre en empresas de máis de 50 traballadores.

As horas traballadas durante o período comprendido entre as 10 da noite e as 6 da mañá, salvo que o salario se establecese atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa natureza, terán unha retribución específica incrementada nun 25% sobre o salario base. A xornada dos traballadores nocturnos non poderá exceder de 8 horas diárias de promedio nun período de 15 días. Os traballadores menores de idade non poderán traballar xornadas de máis de 8 horas de traballo efectivo.

ARTIGO 15.-CALENDARIO LABORAL.

As empresas e establecementos regulados polo presente convenio deberán contar cun calendario laboral no que figuren as quendas de traballo, descansos semanais, quendas de vacacións para cada traballador e festas anuais.

Este calendario laboral será realizado pola representación da empresa e os representantes dos traballadores, tendo que quedar fixado antes do 31 de Outubro do ano anterior ó que se trate.

Os empresarios deberán facer unha copia, asinada convenientemente polas representacións respectivas, expoñéndo-o nun lugar visible do centro de traballo, para coñecemento de tódolos traballadores, así como copia ós representantes.

ARTIGO 16.-DÍA DA PATRONA.

Os días 29 e 30 de Xullo, festividade de Santa Marta, consideraranse festivos, para os efectos laborais, con opción por parte da empresa, para poder sustituirlos por pagamento metálico co fin de mantene-lo normal funcionamiento da mesma; a sustitución en metálico será a que corresponda ó traballador polo seu salario garantido maila antigüidade dunha xornada normal.

ARTIGO 17.-CONTRATACIÓN.

a) Contrato de Formación:

Incorpórarse ó texto do convenio ó disposto nesta materia no Acordo Laboral Estatal da Hostalería (ALEH). En canto a su retribución acordase que durante tódala duración deste contrato, aboarase ó traballador contratado desta maneira o 85% do salario fixado no convenio para o posto de traballo obxeto da contratación.

b) Contrato por esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos:

Para este tipo de contrato acordase que terá unha duración máxima de 12 meses nun período de 18 meses.

ARTIGO 18.-PERÍODO DE PROBA.

Nesta materia aplicarase o disposto no Acordo Laboral Estatal da Hostelería (ALEH).

ARTIGO 19.-PORCENTAXE DE FIXOS NAS EMPRESAS.

Establecese como obligatorio nas empresas a seguinte porcentaxe de traballadores que deberán estar contratados como fixos naquelas:

- * Empresas de 1 a 5 traballadores: un traballador fixo
- * Empresas de 6 a 20 traballadores: 40% de traballadores fixos.
- * Empresas de 21 a 40 traballadores: 45% de traballadores fixos
- * Empresas de 41 a 55 traballadores: 55% de traballadores fixos
- * Empresas de 56 traballadores en adiante: 65% de traballadores fixos.

Cando por aplicación da porcentaxe resultase unha fracción, esta completarase ata a unidade tanto por exceso como por defecto. O tope será ata o 0,5 incluído, por defecto.

A vixilancia e o cumplimento do pactado en este artigo será función de comisión paritaria do convenio.

ARTIGO 20.-CONVERSIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS.

De conformidade coa lexislación vixente acórdase que os contratos de duración determinada, incluidos os contratos formativos, poderán ser convertidos en contratos para o fomento da contratación indefinida suxeitos ó réxime xurídico establecido.

ARTIGO 21.-INCREMENTO DO PERÍODO LEGAL DE DESCANSO NOS CASOS DE MATERNIDADE, ADOPCIÓN O ACOXIMENTO.

Nos casos de maternidade, adopción o acoiximento, os períodos de descanso prescritos para tales supostos no artigo 48.4 do Estatuto dos Traballadores, incrementaranse a mayores, entodos esos casos, en duas semanas.

Para ter dereito ó disfrute do beneficio reseñado no parrafo anterior, seran necesarias duas condicións:

a.-Solo poderá ser disfrutado polo traballador/a que leve como mínimo, dous anos de permanencia na empresa.

b.-Unicamente poderá disfrutalo so un dos pais

ARTIGO 22.-PERMISOS RETRIBUIDOS.

Sin perda de retribución ningunha, as empresas, previo aviso de 72 horas (salvo los apartado 2 y 3) e posterior xustificación (salvo el apartado 6), concederán licencias nos casos seguintes e coa seguinte duración que se dí a continuación:

1.-Matrimonio do traballador: 16 días

2.-Enfermidade grave, hospitalización, accidente, intervención cirúrxica, morte do cónxuge, pais, fillos ou familiares ata 2º grao de consanguinidade o afinidade: 4 días.

3.-Por pari-la súa dona, adopción o acogimento: 4 días

4.-Voda de fillos, irmáns, bautizos, e primerias comunións: 1 día, se é dentro da provincia, e 3 días se é fóra dela.

5.-Traslado de enderezo habitual: 1 día.

6.-Libre disposición, non acumulable vacacións: 2 días.

7.-Polo tempo necesario e con xustificación do mesmo, naqueles casos nos que sexa precisa a asistencia médica do traballador/a por parte dun especialista da Seguridade Social e coincida o horario de consulta coa sua xornada de traballo, debendo estar prescrita a devandita consulta polo facultativo de medicina xeral, estando obrigado o traballador/a a xustificar diante da empresa a devandita prescripción.

8.-Os traballadores afectados polo presente convenio terán dereito a acompañar ó consultorio, tanto da Seguridade Social coma de Centro de Saude privada aos fillos/as menores de 12 anos polo tempo indispensable da consulta, debendo en calquera caso aportar á empresa o xustificante médico de dita asistencia, no que se fará constar a hora de entrada e de saída. Este derecho só poderá ser exercido ata un máximo de 12 horas anuais.

9.-As traballadoras embarazadas, poderán ausentarse do traballo polo tempo preciso para a realización de exámenes prenatais e técnicas de preparación ó parto, sempre que xustifiquen a imposibilidade de asistir a ditas probas fora do horario de traballo.

10.-As traballadoras por lactancia do fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, poderá sustituir este derecho pola reducción da xornada normal en unha hora coa mesma finalidade. Este permiso poderá ser disfrutado indistintamente polo pai ou pola nai no caso de que ámbolos dous traballen.

A traballadora poderá optar por acumular este permiso de lactancia nun período de 15 días.

ARTIGO 23.-EXCEDENCIA.

O traballador cunha antigüedad na empresa, polo menos, de un ano, terá derecho a que se lle recoñeza a situación de excedencia voluntaria por un período máximo de 5 años, sen que en ningún caso se poida producir tal situación nos contratos de duración determinada.

Reunirá o traballador as condicións seguintes:

a) Contar cunha antigüidade na empresa superior a un ano.

b) A excedencia terá unha duración mínima de catro meses e máxima de cinco anos, concedéndose polo tempo solicitado.

c) O traballador que desexa incorporarse ó seu posto de traballo, notificará á empresa con un mes de anticipación á data en que remate o plazo.

d) Perderá o derecho a incorporación ó seu posto de traballo todo aquel excedente que, en tal período de tempo, preste os seus servicios por conta allea en calquera posto de traballo, dentro do territorio nacional, en empresas comprendidas no ámbito estatal para o sector da hostelería.

e) Se a empresa dese emprego a outro traballador para sustuí-lo excedente, aquel tería a condición de interino, causando baixa ó reincorporarse o sustituído. Se este no se incorporase no plazo e condicions sinaladas, quedaría destituído definitivamente na empresa, adquirindo o interino a condición de fixo.

f) Os traballadores terán derecho a un período de excedencia non superior a tres anos para atende-lo coidado de cada

fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou nos supostos do acollemento, tanto permanente como preadoptivo, a contar desde a data de nacemento ou no seu caso da resolución xudicial ou administrativa. Os fillos sucesivos darán dereito a un novo período de excedencia que, no seu caso, poñería fin ao que viñese gozando. A excedencia contemplada no presente apartado é un derecho individual dos homes e mulleres traballadores. Nembarantes, si dous ou mais traballadores da mesma empresa xerasen este derecho polo mesmo suxeto causante, o empresario poderá limitar o exercicio simultaneo por razons xustificadas de funcionamento da empresa.

Tamén terán derecho a un período de excedencia, non superior a un ano, para atende-lo coidado dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poidan valerse por sí mesmos, e non desempeñen actividade retribuida.

g) Asemade poderán solicita-la situación de excedencia os traballadores que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior, e mentres dure o exercicio do seu mandato.

h) Para acollerse a outra excedencia voluntaria, o traballador terá que cubrir un novo período de, polo menos, 4 anos de servicios efectivos na empresa.

i) A excedencia concederase sen ningún derecho a retribución, e o tempo que dure será computable a efectos de antigüidade. O traballador que estea nesta situación terá derecho á asistencia a cursos de formación profesional, para cuia participación haberá de ser convocado polo empresario, en especial co ocasión da sua reincorporación.

Asemade, durante o primeiro ano de excedencia terá derecho á reserva do seu posto de traballo.

Pasado dito prazo, a reserva referirase exclusivamente a un posto de traballo do mesmo grupo profesional o categoría equivalente.

j) A concesión outorgarase dentro do plazo dun mes a partir da data da súa petición.

ARTIGO 24.-ENFERMIDADE.

No caso de incapacidade temporal derivada de enfermedade común ou accidente non laboral, computada en períodos anuales, na primeira baixa percibirase o 100% do salario desde o primeiro día de baixa.

Igualmente, se aboará o 100% do salario desde o primeiro día da baixa, cando esta sexa superior a 10 días.

Estas prestacións manteranse por un período máximo de 12 meses.

Na segunda e sucesivas baixas, caso de producirse e ser inferiores a 11 días, non serán aboados ós tres primeiros días da baixa. A partir do carto día se aboará o 100% do salario.

No caso de accidente de traballo, a baixa aboarase co 100% do salario desde o primeiro día durante 12 meses.

Asemade os períodos de enfermedade ou accidente de traballo non se terán en conta para deduci-lo período de vacacionis.

ARTIGO 25.-XUBILACIÓN.

A xubilación será obligatoria ó cumpli-lo traballador a idade de 65 anos, sen prexuízo de que o devandito traballador poida completa-los períodos de carencia na cotización á Segu-

ridade Social, xa que, neste caso a xubilación será obligatoria ó cumplimentar estas.

Asemade, as empresas e os traballadores afectados por este convenio poderán, durante a vixencia do mesmo, acollerse a xubilación anticipada ós 64 anos, de acordo co disposto no Real Decreto Lei 1194/85 de 17 de Xullo.

ARTIGO 26.-PÓLIZA DE SEGURO DE ACCIDENTES.

As empresas contratarán, para todo persoal afectado por este convenio, un seguro de accidentes durante a prestación do traballo ou "in itinere", de morte o invalidez permanente dos graos de total, absoluta ou grande invalidez, pola cantidade de 24.000 euros para cada un dos casos mencionados anteriormente.

ARTIGO 27.-PÓLIZA COLECTIVA DE SEGURO DE VIDA.

As empresas afectadas por este convenio, virán obligadas a suscribir unha póliza colectiva de seguro de vida en favor dos seus traballadores, por valor de 12.000 euros.

Esta póliza cubrirá toda-las circunstancias do falecemento do traballador salvo a morte por suicidio.

As devanditas empresas terán un prazo de 4 meses para suscribir este seguro, contados a partir da publicación do convenio no Boletín Oficial correspondente.

ARTIGO 28.-PLAZO DE PREAVISO.

Os prazos de preaviso nos casos de cesamento voluntario dos traballadores serán os seguintes: xefe de recepción, Xefe de administración, encargado do economato e adega, encargado de traballo, xefe de Cociña, 1º conserxe de dia, encargado xeral ou gobernanta, Xefes de restaurante ou sala, cafés- bares, bares americanos, salas de festa: 20 días

Resto do persoal: 10 días.

O incumplimento deste plazo por parte dos traballadores dará lugar á perda de tants días de salario como deixe de preavistar.

ARTIGO 29.-DEREITOS SINDICAIS.

As garantías sindicais que no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores se establece para os membros do Comité de empresa e delegados do persoal electos enténdense ós candidatos a estes postos durante os seis meses seguintes de celebradas as eleccións as que se presentaron na calidade o condición de candidatos. Recoñecerase a existencia de seccións sindicais das empresas de máis de 50 traballadores así como dos delegados das seccións sindicais que terán os mesmos dereitos e garantías cós membros do comité de empresa.

Os traballadores terán derecho a celebrar as asambleas con carácter ordinario, unha vez ó mes, fóra da xornada laboral e cunha duración dunha hora naquelas empresas que disponen dun espacio para o desenvolvemento das mesmas sen interromper a actividad dos servicios. Nos demás dereitos estarase ó disposto no Acordo Laboral Estatal de Hostelería (ALEH), Estatuto dos Traballadores, Lei Orgánica de Liberdade Sindical e demás normas complementarias.

O total das horas sindicais mensuales retribuidas recoñecidas legalmente á representación dos traballadores, poderá ser acumulado para o seu disfrute por un ou varios representantes, sen rebasar o máximo total, sempre que medie acordo ó respecto da sección sindical afectada, debidamente comunidaco á Dirección da empresa, e non supoña grave alteración do réxime laboral da mesma.

ARTIGO 30.-ROPA DE TRABALLO.

Naquelas empresas onde se esixe uniformidade, estas facilitarán a todo persoal un mínimo de dous uniformes anuais (inverno e verán), aboandolles unha cantidade, en concepto de limpeza e mantemento; no caso de non ser obligatorio o uso do uniforme, facilitárselle a tódolos traballadores roupa de traballo axeitada para as funcións que desempeñan.

ARTIGO 31.-RECOÑECIMENTOS MÉDICOS.

Realizaráselles unha revisión médica anual lo máis completa posible, e que incluirá análises, exploración radiolóxica, auditiva e visual a tódolos traballadores. Dos resultados de dita revisión médica entregaráselle copia ó traballador.

ARTIGO 32.-COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE VIXILANCIA, INTERPRETACIÓN E APLICACIÓN.

Para interpretación, aplicación, arbitraxe e vixilancia deste convenio, crease unha comisión paritaria integrada polos representantes dos sindicatos UGT, e CC.OO., e os representantes das asociacións empresariais de hostalería da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol.

A citada comisión está obligada a reunirse cantas veces sexa necesario, sendo a sede da mesma nos locais da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería da Coruña, sita na rúa Novoa Santos, 6-8, 1º. A devandita comisión reunirase unha vez cada seis meses, e no plazo improrrogable de 10 días, a requerimiento de calquera dos seus membros, o ben por recibir comunicacóns previstas no artigo 35 do convenio sobre aplicación da cláusula de descolgue.

No caso de non comparecer algunhas das partes (pese a estar notificadas), para dictaminar sobre requerimientos do artigo 35, será válida a resolución dictada pola mayoría dos membros asistentes, seguindo os trámites do mencionado artigo ata a resolución definitiva, que será comunicada ó requerimiento no prazo máximo fixado.

ARTIGO 33.-RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.

As partes asinantes do presente convenio, axeitándose ó establecido na recomendación número 92 da OIT e no seu artigo número 6 da Carta Social Europea, sobre conciliación, mediación e arbitrase voluntario, acordan, no caso de conflictos non individuais xurdidos como consecuencia da aplicación e interpretación deste convenio colectivo, someterse ós procedementos extraxudiciais de solución de conflictos de traballo establecidos no Acordo Interprofesional (AGA), suscrito entre a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e as centrais sindicais Comisións Obreiras de Galicia (CC.OO.), Unión Xeral de Traballadores (UXT) e a Confederación Intersindical Galega (CIG), nos propios termos nos que no mesmo están formulados.

Este precedemento utilizaráse tamén nas discrepancias xurdidas pola aplicación dos artigos 40.2, 41.4 e 51 do texto refundido dos Estatuto dos Traballadores.

ARTIGO 34.-CLÁUSULA DE DESCOLGUE.

Cando unha empresa ou sociedade que, nas incluídas no ámbito de aplicación deste convenio, pretenda a inaplicación do nivel retribuído establecido no mesmo, deberá proceder do seguinte xeiro:

1.-A empresa ou sociedade interesada na inaplicación deberá remitir á comisión paritaria do convenio a documentación que estime pertinente xunto co escrito, formulando o seu propósito no prazo improrrogable de 15 días a partir da súa publicación no Boletín Oficial.

2.-A comisión paritaria disporá do termo de un mes para resolver; no caso de que non se contestara no prazo previsto, entenderase como resolución afirmativa. Dentro deste tempo escoitará a representación dos traballadores da empresa solicitante, ós sindicatos participantes na mesa negociadora, así como ós representantes da empresa solicitante.

3.-Será requisito necesario para instar e obte-la inaplicación do nivel retribuído do convenio, estar ó día no aboamento do mesmo ata a data de resolución da comisión paritaria.

4.-Asemade, a empresa debe dar conta da situación de inestabilidade nos exercicios anteriores e demostrar verdadeiramente que, no caso de aplicalo réxime salarial pactado no convenio, tería que proceder ás medidas de extinción e suspensión de contratos; en calquera caso, a empresa debe precisa-las circunstancias económicas e financiera que sustifiquen a súa solicitude e achega-la documentación ecocómica e financiera necesaria co fin da súa fiscalización sindical.

5.-No caso de estimar fundada a solicitude, a comisión paritaria establecerá o incremento salarial aplicable na empresa ou sociedade afectada, quedando inalterado o establecido neste convenio respecto do réxime salarial e a súa estructura,

6.-En todo caso, o beneficio da inaplicación só se entende ata o remate do primeiro período de vixencia establecido para o nivel retributivo vixente no intre da solicitude. Os incrementos posteriores aplicaranse sobre o salario que corresponda de non se ter aplicado o descolgamento e non sobre o salario descolgado.

7.-A comisión paritaria estenderá copia que de fe da súa resolución, remitindo exemplares da mesma á representación da empresa, ós traballadores e traballadoras da mesma e ós sindicatos que compareceron no trámite.

8.-A comisión paritaria poderá estar asistida dos asesores que considere necesarios.

ARTIGO 35.-FORMACIÓN PROFESIONAL.

As partes asinantes deste convenio remítense á regulación que desta materia fai o acordo laboral de ámbito estatal do sector de hostalería.

ARTIGO 36.-ADSCRICIÓN Ó ACORDO LABORAL DE ÁMBITO PARA O SECTOR DA HOSTALERÍA.

O acordo laboral de ámbito estatal para o sector da hostalería pasa a formar parte integrante do presente convenio en todas aquellas materias que o mesmo regula.

TÁBOAS DO ANO 2006 ACTUALIZADAS

Incremento do 3% sobre as táboas do 2005

**SECCIÓN 1ª
HOTEIS, HOTEIS APARTAMENTOS, HOTEIS RESIDENCIAS, HOSTAIS****CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.- Persoal de recepción, conserxería e administración.**

	5 ESTRELLAS	4 ESTRELAS	3 ESTRELAS	2 ESTRELAS	1 ESTRELA
Recepción					
Xefe/a de recepción	1031,71	972,47	939,68	939,68	939,68
2º Xefe/a de recepción	999,85	957,54	929,28	929,28	929,28
Repcionista	960,56	929,28	906,89	895,72	985,72
Telefonista	935,78	914,40	896,35	878,63	860,69
Conserxería					
1º conserxe	1213,38	950,75	929,28	899,46	871,14
Conserxe	1063,75	929,28	906,89	893,48	865,12
Axudante de Conserxe	917,36	902,36	886,08	871,14	863,69
Auxiliar de conserxería e recepción	895,01	886,08	875,62	863,69	856,24
Administración					
Xefe de administración	1031,71	972,47	939,68	939,68	939,68
Administrativo/a	960,60	929,28	906,89	895,81	895,81
Axudante de administrativo/a	957,54	929,28	902,36	902,36	902,60

2.-Persoal de Cociña.

Xefe/a de cociña	1031,71	972,47	943,23	911,86	875,62
2º Xefe/a de cociña	999,85	957,54	929,28	905,19	865,12
Xefe/a de partida	960,56	929,28	906,89	895,81	864,38
Cociñeiro/a	935,78	914,37	896,82	878,63	860,69
Reposteiro/a	947,29	929,28	902,36	902,60	902,36
Axudante de cociña	895,01	886,08	875,62	863,69	856,24
Auxiliar de cociña	856,24	856,24	856,24	856,24	856,24
Encargado/a de economato	935,78	914,40	896,82	896,82	896,82
Axudante de economato	895,01	886,08	875,62	875,62	875,62

3.-Persoal de Comedor.

Xefe/a de restaurante ou de sala	1031,71	972,47	942,67	906,89	875,62
2º Xefe/a de restaurante ou de sala	999,85	957,32	929,27	899,46	871,15
Xefe/a de sector	981,34	942,68	942,68	942,68	942,68
Camareiro/a	960,56	940,59	908,45	886,08	886,08
Sumiller	960,56	940,59	906,89	906,89	906,89
Axudante de camareiro/a	895,01	886,08	875,62	863,69	856,24

4.-Persoal de Pisos e Limpeza.

Encargado/a xeral ou gobernanta/e	999,85	957,54	929,11	929,11	929,11
Encargado/a de sección	959,07	929,28	906,89	888,60	878,63
Camareiro/a de pisos	895,01	886,08	875,62	863,69	863,69
Auxiliar pisos e Limpeza	894,85	886,08	875,62	875,62	875,62

5.-Servicios Auxiliares.

Encargado/a de mantenemento	981,34	981,34	981,34	981,34	981,34
Especialista de mantenemento e servicios	874,09	871,14	863,69	857,74	856,24
Auxiliar de mantenemento e servicios	856,24	856,24	856,24	856,24	856,24

SECCIÓN 2^a**PENSIONES Y POSADAS**

(Desaparecen "Fondas" y "Casas de Huéspedes")

CATEGORIAS PROFESIONAIS**1.-Persoal de Comedor**

	3 ESTRELAS	2 ESTRELAS	1 ESTRELA
Xefe/a de restaurante ou sala	906,89	899,46	875,62
2º Xefe/a de restaurante ou sala	895,01	886,08	886,08
Camareiro/a	886,08	863,69	863,69
Axudante de camareiro/a	865,55	856,24	856,24

2.-Persoal de Recepción e Conserxería.

Recepcionista	886,08	860,69	860,69
Telefonista	878,63	860,69	860,69
1º Conserxe	899,46	871,15	871,15
Conserxe	886,08	865,12	856,24
Axudante de conserxe	878,63	878,63	878,63
Auxiliar de recepción e conserxeria	878,63	878,63	878,63

3.-Persoal de Administración.

Xefe/a de administración	886,08	886,08	886,08
Administrativo/a	886,08	886,08	886,08
Axudante administrativo/a	878,63	878,63	878,63

4.-Persoal de Cociña.

Xefe/a de cociña	875,84	875,62	875,62
Xefe/a de partida	865,63	865,12	865,12
Cociñeiro/a	864,07	863,69	863,69
Axudante de cociña	860,85	856,24	856,24

5.-Persoal de Pisos e Limpeza.

Encargado/a xeral	876,96	857,74	857,74
Encargado/a de sección	864,07	863,69	863,69
Camareiro/a de pisos	863,69	856,24	856,24
Auxiliar de pisos e Limpeza	851,99	851,99	851,99

6.-Servicios Auxiliares

Especialista de mantenemento e servicios	863,69	856,24	856,24
Auxiliar de mantenemento e servicios	856,24	856,24	856,24

SECCIÓN 3º**RESTAURANTES, CASA DE COMIDAS E TABERNAS QUE SERVEN COMIDAS****CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.-Personal vario.**

	LUXO	PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCEIRA	CUARTA
Xefe/a de administración	1031,71	939,68	939,68	939,68	939,68
Administrativo/a	999,58	929,28	929,28	929,28	929,28
Axudante administrativo/a	960,56	911,36	911,36	911,36	911,36
Telefonista	938,20	896,45	872,16	872,16	872,16
Encargado/a de sección de lencería e Limpeza	960,57	911,36	886,08	885,23	863,69
Auxiliar de lencería e lempeza	856,24	856,24	856,24	856,24	856,24

2.-Personal de Cocina.

Xefe/a de cociña	1031,71	939,71	899,46	875,62	875,62
2º Xefe/a de cociña	1022,49	929,28	893,48	865,12	865,12
Xefe/a de partida	960,56	906,89	886,85	875,62	875,62
Cociñeiro/a	938,20	896,45	865,12	861,68	861,68
Axudante de cociña	895,01	875,62	863,69	856,24	856,24
Reposteiro/a	960,57	906,89	906,89	906,89	906,89
Auxiliar de cociña	856,24	856,24	856,24	856,24	856,24
Encargado/a de economato e bodega	936,56	896,35	860,69	860,69	860,69

3.-Personal de Comedor

Xefe/a de restaurante ou sala	1031,71	939,49	906,89	885,74	885,74
2º Xefe/a de restaurante ou sala	999,88	933,66	899,46	871,14	871,14
Xefe/a de sector	981,34	981,34	981,34	981,34	981,34
Camareri/a	960,56	911,55	886,08	877,08	875,62
Sumiller	960,56	906,89	906,89	906,89	906,89
Axudante de camareiro/a	895,01	875,62	863,69	863,69	863,69

CATERING**CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.-Pessoal de Cociña.****CATEGORIA UNICA**

Xefe/a de cociña	1128,92
2º Xefe/a de cociña	1091,13
Xefe/a de partida	1054,43
Reposteiro/a	1054,43
Cociñeiro/a	1017,15
Axudante de cociña	907,67

2.-Pessoal de Operaciones.

Xefe/a de operacions	1128,92
Supervisor/a	1054,43
Axudante de supervisor/a	979,89

3.-Pessoal Sala Preparación.

Xefe/a de sala	1054,43
Xefe/a de equipo	1017,15
Auxiliar de equipo	942,67
Preparadores/as	979,89
Auxiliar de preparación	905,40

SECCIÓN 4º**CAFETERÍAS**

(Se ha dado especial importancia a las Cafeterías de una taza)

CATEGORIAS PROFESIONAIS**Persoal vario**

	3 TAZAS	2 TAZAS	1 TAZA
1º Encargado/a	1018,65	972,47	932,19
2º Encargado/a	1002,24	958,75	932,19
Camareiro/a	981,34	942,67	918,82
Axudante de camareiro/a	960,56	929,28	906,89
Cociñeiro/a	938,20	895,47	887,50
Axudante de cociña	895,01	887,50	887,50
Reposteiro/a	960,56	929,27	906,89
Encargado/a de Almacen	895,01	887,50	887,50
Fregador/a,Limpador/a	887,50	887,50	887,50
Administrativo/a	981,34	981,34	981,34

SECCIÓN 5ª**CAFÉ-BARES, CHOCOLATERIAS, HELADERIAS****CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.-Persoal de Mostrador.**

	ESPECIAL	PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCEIRA	CUARTA
Encargado/a xeral	1024,62	972,47	939,68	906,89	887,50
2º encargado/a xeral	1002,24	957,54	929,28	899,77	899,77
Camareiro/a	981,34	942,67	917,36	887,50	887,50

2.-Personal de Sala.

Camareiro/a	981,35	942,67	918,82	893,48	887,50
Axudante de Camarero/a	960,56	929,28	906,45	887,50	887,50

3.-Personal Vario.

Xefe/a de cociña	977,09	939,68	906,89	887,50	887,50
Cociñeiro/a	901,32	894,85	887,50	887,50	887,50
Axudante de cociña	895,01	887,50	887,50	887,50	887,50
Reposteiro/a	960,56	929,28	906,89	887,50	887,50
Fregador/a, limpiador/a	887,50	887,50	887,50	887,50	887,50
Administrativo/a	960,56	929,28	929,28	929,28	929,28

BARRAS AMERICANAS

Barman	.024,62	1024,62	1024,62	1024,62	1024,62
Axudante de barman	979,68	979,68	979,68	979,68	979,68

SECCIÓN 6^a**SALAS DE FESTA E TÉ, DISCOTECAS, TABLAOS E SALÓNS DE BAILE****CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.-Persoal Administrativo.**

	ESPECIAL	PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCEIRA	CUARTA
Administrativo/a	1024,62	972,47	906,89	887,50	887,50

2.-Persoal de Mostrador.

1º Encargado/a	1024,63	972,50	939,31	906,89	887,50
2º Encargado/a	1002,24	959,32	929,27	894,27	894,27
Camareiro/a	981,35	943,46	929,20	893,48	887,50
Axudante de camareiro/a	960,56	942,45	917,77	889,25	887,50

3.-Persoal de Sala

Encargado/a	1008,40	957,10	957,10	957,10	957,10
2º Encargado/a	986,44	942,43	957,10	957,10	957,10
Camareiro/a	981,34	943,46	929,19	893,49	887,50
Axudante de camareiro/a	960,56	942,45	917,77	889,25	887,50

4.-Persoal Vario.

Reposteiro/a	946,02	929,28	887,50	887,50	887,50
Porteiro/a	895,01	887,50	887,50	887,50	887,50
Fregador/a,Limpiador/a	887,50	887,50	887,50	887,50	887,50

SECCIÓN 7^a**TABERNAS QUE NO SIRVEN COMIDAS****CATEGORIAS PROFESIONAIS****CATEGORIA UNICA**

Camarero/a	887,50
Axudante de camarero/a	887,50

SECCION 8^a**BILLARES Y SALONES RECREATIVOS****Esta sección era la antigua 9^a; sustituye a "Casinos que desaparece"****CATEGORÍAS PROFESIONAIS****CATEGORIA UNICA**

Encargado/a	975,43
Mozo/a de billar ou salón	929,28
Axudante	887,50
Limpiador/a	887,50

TÁBOAS DO ANO 2007 ACTUALIZADAS

Incremento do IPC previsto do 2%+1 punto sobre as táboas do 2006

SECCIÓN 1ª**HOTEIS, HOTEIS APARTAMENTOS, HOTEIS RESIDENCIAS, HOSTAIS****CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.- Persoal de recepción, conserxería e administración.**

	5 ESTRELLAS	4 ESTRELAS	3 ESTRELAS	2 ESTRELAS	1 ESTRELA
Recepción	1062,66	1001,65	967,87	967,87	967,87
Xefe/a de recepción	1062,66	1001,65	967,87	967,87	967,87
2º Xefe/a de recepción	1029,85	986,27	957,15	957,15	967,15
Repcionista	989,37	957,15	934,10	922,59	922,59
Telefonista	963,85	941,84	923,24	904,99	886,51
Conserxería					
1º conserxe	1249,78	979,27	957,15	926,44	897,28
Conserxe	1095,67	957,15	934,10	920,29	891,07
Axudante de Conserxe	944,88	929,43	912,66	897,28	889,60
Auxiliar de conserxería e recepción	921,86	912,66	901,89	889,60	881,93
Administración					
Xefe de administración	1062,66	1001,65	967,87	967,87	967,87
Administrativo/a	989,42	957,15	934,10	922,69	922,69
Axudante de administrativo/a	986,27	957,15	929,43	929,43	929,43

2.-Persoal de Cociña.

Xefe/a de cociña	1062,66	1001,65	971,53	939,21	901,89
2º Xefe/a de cociña	1029,85	986,27	957,15	932,35	891,07
Xefe/a de partida	989,37	957,15	934,10	922,69	890,31
Cociñeiro/a	963,85	941,80	923,73	904,99	886,51
Reposteiro/a	975,71	957,15	929,43	929,43	929,43
Axudante de cociña	921,86	912,66	901,89	889,60	881,93
Auxiliar de cociña	881,93	881,93	881,93	881,93	881,93
Encargado/a de economato	963,85	941,84	923,73	923,73	923,73
Axudante de economato	921,86	912,66	901,89	901,89	901,89

3.-Persoal de Comedor.

Xefe/a de restaurante ou de sala	1062,66	1001,65	970,95	934,10	901,89
2º Xefe/a de restaurante ou de sala	1029,85	986,04	957,14	926,44	897,29
Xefe/a de sector	1010,78	970,96	970,96	970,96	970,96
Camareiro/a	989,37	968,80	935,70	912,66	912,66
Sumiller	989,37	968,80	934,10	934,10	934,10
Axudante de camareiro/a	921,86	912,66	901,89	889,60	881,93

4.-Persoal de Pisos e Limpeza.

Encargado/a xeral ou gobernanta/e	1029,85	986,27	956,98	956,98	956,98
Encargado/a de sección	987,85	957,15	934,10	915,26	904,99
Camareiro/a de pisos	921,86	912,66	901,89	889,60	889,60
Auxiliar pisos e Limpeza	921,70	912,66	901,89	901,89	901,89

5.-Servicios Auxiliares.

Encargado/a de mantenemento	1010,78	1010,78	1010,78	1010,78	1010,78
Especialista de mantenemento e servicios	900,31	897,28	889,60	883,48	881,93
Auxiliar de mantenemento e servicios	881,93	881,93	881,93	881,93	881,93

SECCIÓN 2ª**PENSIONES Y POSADAS**

(Desaparecen "Fondas" y "Casas de Huéspedes")

CATEGORIAS PROFESIONAIS**1.-Persoal de Comedor**

	3 ESTRELAS	2 ESTRELAS	1 ESTRELA
Xefe/a de restaurante ou sala	934,10	926,44	901,89
2º Xefe/a de restaurante ou sala	921,86	912,66	912,66
Camareiro/a	912,66	889,60	889,60
Axudante de camareiro/a	891,52	881,93	881,93

2.-Persoal de Recepción e Conserxeira.

Recepcionista	912,66	886,51	886,51
Telefonista	904,99	886,51	886,51
1º Conserxe	926,44	897,29	897,29
Conserxe	912,66	891,07	881,93
Axudante de conserxe	904,99	904,99	904,99
Auxiliar de recepción e conserxeria	904,99	904,99	904,99

3.-Persoal de Administración.

Xefe/a de administración	912,66	912,66	912,66
Administrativo/a	912,66	912,66	912,66
Axudante administrativo/a	904,99	904,99	904,99

4.-Persoal de Cociña.

Xefe/a de cociña	902,12	901,89	901,89
Xefe/a de partida	891,60	891,07	891,07
Cociñeiro/a	889,99	889,60	889,60
Axudante de cociña	886,68	881,93	881,93

5.-Persoal de Pisos e Limpeza.

Encargado/a xeral	903,27	883,48	883,48
Encargado/a de sección	889,99	889,60	889,60
Camareiro/a de pisos	889,60	881,93	881,93
Auxiliar de pisos e Limpeza	877,54	877,54	877,54

6.-Servicios Auxiliares

Especialista de mantenemento e servicios	889,60	881,93	881,93
Auxiliar de mantenemento e servicios	881,93	881,93	881,93

SECCIÓN 3º**RESTAURANTES, CASA DE COMIDAS E TABERNAS QUE SERVEN COMIDAS****CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.-Personal vario.**

	LUXO	PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCEIRA	CUARTA
Xefe/a de administración	1062,66	967,87	967,87	967,87	967,87
Administrativo/a	1029,57	957,15	957,15	957,15	957,15
Axudante administrativo/a	989,37	938,71	938,71	938,71	938,71
Telefonista	966,34	923,34	898,33	898,33	898,33
Encargado/a de sección de lencería e Limpeza	989,38	938,71	912,66	911,79	889,60
Auxiliar de lencería e lempeza	881,93	881,93	881,93	881,93	881,93

2.-Personal de Cocina.

Xefe/a de cociña	1062,66	967,90	926,44	901,89	901,89
2º Xefe/a de cociña	1053,17	957,15	920,29	891,07	891,07
Xefe/a de partida	989,37	934,10	913,46	901,89	901,89
Cociñeiro/a	966,34	923,34	891,07	887,53	887,53
Axudante de cociña	921,86	901,89	889,60	881,93	881,93
Reposteiro/a	989,38	934,10	934,10	934,10	934,10
Auxiliar de cociña	881,93	881,93	881,93	881,93	881,93
Encargado/a de economato e bodega	964,66	923,24	886,51	886,51	886,51

3.-Personal de Comedor

Xefe/a de restaurante ou sala	1062,66	967,68	934,10	912,31	912,31
2º Xefe/a de restaurante ou sala	1029,88	961,67	926,44	897,28	897,28
Xefe/a de sector	1010,78	1010,78	1010,78	1010,78	1010,78
Camareriro/a	989,37	938,90	912,66	903,39	901,89
Sumiller	989,37	934,10	934,10	934,10	934,10
Axudante de camareiro/a	921,86	901,89	889,60	889,60	889,60

CATERING**CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.-Persoal de Cociña.**

	CATEGORIA UNICA
Xefe/a de cociña	1162,79
2º Xefe/a de cociña	1123,86
Xefe/a de partida	1086,06
Reposteiro/a	1086,06
Cociñeiro/a	1047,66
Axudante de cociña	934,90

2.-Persoal de Operaciones.

Xefe/a de operacion	1162,79
Supervisor/a	1086,06
Axudante de supervisor/a	1009,29

3.-Persoal Sala Preparación.

Xefe/a de sala	1086,06
Xefe/a de equipo	1047,66
Auxiliar de equipo	970,95
Preparadores/as	1009,29
Auxiliar de preparación	932,56

SECCIÓN 4º**CAFETERÍAS**

(Se ha dado especial importancia a las Cafeterías de una taza)

CATEGORIAS PROFESIONAIS**Persoal vario**

	3 TAZAS	2 TAZAS	1 TAZA
1º Encargado/a	1049,21	1001,65	960,16
2º Encargado/a	1032,31	987,52	960,16
Camareiro/a	1010,78	970,95	946,39
Axudante de camareiro/a	989,37	957,15	934,10
Cociñeiro/a	966,34	922,34	914,12
Axudante de cociña	921,86	914,12	914,12
Reposteiro/a	989,37	957,14	934,10
Encargado/a de Almacen	921,86	914,12	914,12
Fregador/a,Limpador/a	914,12	914,12	914,12
Administrativo/a	1010,78	1010,78	1010,78

SECCIÓN 5ª**CAFÉ-BARES, CHOCOLATERIAS, HELADERIAS****CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.-Persoal de Mostrador.**

	ESPECIAL	PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCEIRA	CUARTA
Encargado/a xeral	1055,36	1001,65	967,87	934,10	914,12
2º encargado/a xeral	1032,31	986,27	957,15	926,76	926,76
Camareiro/a	1010,78	970,95	944,88	914,12	914,12

2.-Personal de Sala.

Camareiro/a	1010,79	970,95	946,39	920,29	914,12
Axudante de Camarero/a	989,37	957,15	933,65	914,12	914,12

3.-Personal Vario.

Xefe/a de cociña	1006,40	967,87	934,10	914,12	914,12
Cociñeiro/a	928,36	921,70	914,12	914,12	914,12
Axudante de cociña	921,86	914,12	914,12	914,12	914,12
Reposteiro/a	989,37	957,15	934,10	914,12	914,12
Fregador/a, limpiador/a	914,12	914,12	914,12	914,12	914,12
Administrativo/a	989,37	957,15	957,15	957,15	957,15

BARRAS AMERICANAS

Barman	1055,36	1055,36	1055,36	1055,36	1055,36
Axudante de barman	1009,08	1009,08	1009,08	1009,08	1009,08

SECCIÓN 6^a**SALAS DE FESTA E TÉ, DISCOTECAS, TABLAOS E SALÓNS DE BAILE****CATEGORIAS PROFESIONAIS****1.-Persoal Administrativo.**

	ESPECIAL	PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCERA	CUARTA
Administrativo/a	1055,36	1001,65	934,10	914,12	914,12

2.-Persoal de Mostrador.

1º Encargado/a	1055,37	1001,67	967,49	934,10	914,12
2º Encargado/a	1032,31	988,10	957,14	921,09	921,09
Camareiro/a	1010,79	971,76	957,08	920,29	914,12
Axudante de camareiro/a	989,37	970,72	945,30	915,93	914,12

3.-Persoal de Sala

Encargado/a	1038,65	985,81	985,81	985,81	985,81
2º Encargado/a	1016,03	970,70	970,70	970,70	970,70
Camareiro/a	1010,78	971,76	957,07	920,30	914,12
Axudante de camareiro/a	989,37	970,72	945,30	915,93	914,12

4.-Persoal Vario.

Reposteiro/a	974,40	957,15	914,12	914,12	914,12
Porteiro/a	921,86	914,12	914,12	914,12	914,12
Fregador/a,Limpiador/a	914,12	914,12	914,12	914,12	914,12

SECCIÓN 7^a**TABERNAS QUE NO SIRVEN COMIDAS****CATEGORIAS PROFESIONAIS****CATEGORIA UNICA**

Camarero/a	914,12
Axudante de camarero/a	914,12

SECCION 8^a**BILLARES Y SALONES RECREATIVOS****Esta sección era la antigua 9^a; sustituye a "Casinos que desaparece"****CATEGORÍAS PROFESIONAIS****CATEGORIA UNICA**

Encargado/a	1004,69
Mozo/a de billar ou salón	957,15
Axudante	914,12
Limpiador/a	914,12